

## CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL

### LETRAS GALEGAS 2021

#### -Convocatoria Local-

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “EL VIEJO PANCHO” DE RIBADEO **convoca o CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL LETRAS GALEGAS 2021** (Fase Local), de acordo coas seguintes **BASES**:

1ª/ Poden participar todas as nenas e nenos con:

**-A) Narracións**, en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara sobre o tema: **“O dereito das nenas e nenos a participar na vida cultural. (Art. 37 Convención sobre os Dereitos do Neno).”**

**-B) Debuxos**, feitos sobre **cartolina** de tamaño aproximado de **DIN A4** (folio), sobre o tema: **“O dereito das nenas e nenos a participar na vida cultural. (Art. 37 Convención sobre os Dereitos do Neno).”**

2ª/ Cada autor/a pode presentar cantos traballos desexa, mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a **bolígrafo** e nunca a lapis. No reverso de cada traballo irán escritos os seguintes datos : nome e apelidos, idade, enderezo, teléfono e colexio do autor ou autora.

3ª/ Establécense tres categorías : A, ata 8 anos, B, de 9 a 11 anos, e C, de 12 a 16 anos.

4ª/ O prazo de presentación rematará o vindeiro **7 de maio**, debendo ser entregados na BIBLIOTECA MUNICIPAL.

5ª/ O xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos.

6ª/ O fallo do xurado local farase público despois do DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

7ª/ Os traballos premiados nesta fase local, participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

8ª/ Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública, que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

9ª/ Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

10ª/ A presentación das obras a este Certame supón a aceptación das presentes bases.